

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O TRANSPORTE DE ESTUDIANTES UNIVERSITARIOS PARA O ANO 2017

Exposición de motivos.

O obxecto da presente Ordenanza é establecer as Bases Reguladoras para a concesión de axudas para transporte de estudantes do Ayuntamiento de Ribadavia que se desprazan durante o curso escolar.

As subvencións convocadas rexiránse pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS), pola Ordenanza Xeral de Subvencións de este Concello aprobada por acordo do Pleno do Concello de data 30 de Setembro de 2004, e polas Disposicións a que fai referencia o artigo 5.1 LXS.

Esta ordenanza ten como finalidade o apoio económico nos gastos de transporte para alumnos universitarios do Concello de Ribadavia. Así mesmo preténdese potenciar as altas no padrón de habitantes do Concello e reducir as baixas no mesmo con motivo do cambio de residencia dos estudantes universitarios para os concellos que posúen centros de educación superior.

A presente ordenanza vén a regular esta materia no ámbito do Concello de Ribabavia, dotándoa dunha regulación clarificadora dos requisitos e procedementos necesarios para as devanditas axudas.

Artigo 1.- Obxecto e definición.

O obxecto da presente ordenanza é a definición e regulación dunha axuda municipal destinada ós gastos de transporte para alumnos universitarios.

Artigo 2.- Beneficiarios/as.

Os estudantes que estean cursando estudos universitarios, tanto na provincia de Ourense, como noutra das provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, como fóra desta e que cumpran os requisitos establecidos no artigo 5.

Artigo 3.- Principios.-

A concesión e xestión das axudas, subvencións atenderá aos seguintes principios: publicidade, transparencia, concurrencia, obxetividade, igualdade e non discriminación.

Artigo 4.- Tipoloxía e contía das axudas.

A presente convocatoria fixará as contías máximas de subvención, susceptible de concesión, imputable a partida orzamentaria 4 489.00 designada como “Outras transferencias (axudas para o transporte público de estudantes)”, co crédito disponible, atendendo en todo caso ao establecido nas Bases de Execución do Orzamento Municipal do ano 2017.

A contía máxima que o Concello poderá conceder será de ata:

Estudandes dentro da provincia de Ourense	150€*
Estudantes fóra da provincia de Ourense	250€*
Estudantes fóra da Comunidade Autónoma de Galicia	350€*

* As cantidades serán por periodo lectivo (setembro-maio).

Artigo 5.- Requisitos dos solicitantes.

Os solicitantes das axudas deben cumprir cos seguintes requisitos:

5.1. Ser maior de 17 anos ou estar emancipado legalmente ou, no seu lugar, ter iniciado o trámite legal de emancipación.

5.2. Estar empadroado no Concello de Ribadavia no momento da solicitude e en todo caso un mínimo de 5 meses inmediatamente anteriores á solicitude.

5.3. Que o cómputo total dos ingresos mensuais da unidade familiar de que forma parte o solicitante, non sexan superiores ós incluídos na seguinte táboa:

Familia de 1 universitario/a:	850€
Familias de 1 universitario/a e 1 membro:	1.100€
Familias de 1 universitario/a e 2 membros:	1.450€
Familias de 1 universitario/a e 3 membros:	1.750€
Familias de 1 universitario/a e 4 ou máis membros:	2.000€

Son membros computables da Unidade Familiar:

- Solicitante.
- Proxenitores, representantes legais e/ou tutores legais (no caso de divorcio ou separación legal dos proxenitores non se considerará membro computable aquél que non conviva co solicitante).
- Irmáns que convivan no mesmo domicilio familiar.
- Ascendentes dos proxenitores que convivan no mesmo domicilio.

5.4 Atoparse o corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda Local (ter actualizados os pagos do I.V.T.M., Lixo, I.B.I., etc.). Este apartado será internamente comprobado polo Concello.

Este requisito non será esixible nos casos en que así se valore polos técnicos dos servizos sociais comunitarios a través do informe social e trala ponderación do contexto persoal, familiar e social do solicitante.

5.5 Quedan excluídos da presente convocatoria os seguintes estudos: Máster ou Curso de Postgrao, Ensinanza Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional, Ensinanzas Oficiais de Idiomas, Estudos da UNED fóra da provincia de Ourense, cursos preparatorios a oposicións de calquera natureza ou para probas de acceso a estudos, Conservatorios oficiais e escolas elementais de música, idiomas no extranxeiro ou calquera outra acción formativa no conducente

a obtención dun título académico oficial no territorio nacional recoñecido polo M.E.C.

Artigo 6.- Documentación acreditativa.

A documentación que deberán presentar os solicitantes será a seguinte:

- Modelo de solicitude.
- Fotocopia do DNI do solicitante e dos maiores de 16 anos da unidade familiar ou documentación acreditativa da identidade.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Certificado de estar cursando estudos universitarios.
- Factura da empresa de transporte (autobús, tren,...).
- Xustificación de ingresos de todos os membros da unidade familiar:
 - Fotocopia das tres últimas nóminas dos maiores de 16 anos que realicen actividade laboral.
 - Certificado do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) que acredite se perciben subsidio por desemprego ou calquera prestación ou axuda (PREPARA, IPI, outras).
 - Certificados de percibir ou non pensións contributivas ou non contributivas.

O Dpto. de Servizos Sociais comprobará de oficio no padrón municipal de habitantes os datos do solicitante e das demais persoas que con él convivan.

Calquera outra documentación que para a correcta valoración da súa solicitude lle poida ser requerida durante a súa tramitación.

Artigo 7.- Forma, lugar e prazo de presentación.

7.1.- A documentación presentarse no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

7.2.- Poderanse solicitar estas axudas no prazo do 2 ó 31 do mes de maio de cada ano.

Artigo 8.- Instrución dos expedientes.

8.1.- Os/as traballadores/as sociais do Dpto. de Servizos Sociais procederán a valorar o expediente.

8.2.- Unha vez recibida a documentación requirirase, se é o caso, ó interesado para que proceda á corrección de erros e achegue a documentación necesaria no prazo de 15 días, comunicándolle que en caso contrario se lle terá por desistido na súa petición, de conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, arquivándose o expediente sen máis trámite.

8.3.- Os/as traballadores/as sociais que instrúan o expediente poderán dispor que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos achegados polos interesados. Igualmente, poderán requirir a estes as aclaracións por escrito e a documentación necesaria para poder resolver.

8.4.- Unha vez completado o expediente, emitirase o correspondente informe social, que inclua a proposta favorable ou denegatoria.

Artigo 9.- Resolución.

9.1.- A resolución correspóndelle a Xunta de Goberno Local, que deberá producirse no prazo máximo de un mes e medio, dende a data de entrada da solicitude no rexistro do Concello de Ribadavia, sempre e cando se dispoña de toda a documentación necesaria e recollida nas bases para a resolución da solicitude no citado prazo.

A resolución debe especificar:

- a) Se procede ou non a concesión da axuda e motivación desta.
- b) Cuantía da axuda.

Transcurrido dito prazo sen que se producira a resolución expresa e notificada esta, o interesado poderá entender desestimada a súa petición por silencio administrativo.

Artigo 10.- Forma de conceder á axuda.

10.1- A contía, finalidade e forma de pagamento das axudas concedidas serán as que se determine na resolución.

Artigo 11.- Notificación ós interesados.

11.1.- A resolución adoptada será notificada ós interesados no domicilio que para efectos de notificacións figure no expediente.

11.2.- Na notificación que se practique ós beneficiarios da axuda indicaráselles de forma expresa, cales son as condicións que ten que cumprir para facer efectivo o cobro da axuda.

11.3.- Contra a resolución ditada poderanse interpoñelos recursos pertinentes conforme á lei.

Artigo 12.- Obrigacións dos beneficiarios.

Os beneficiarios das axudas están obrigados a:

12.1.- Comunicar ó Dpto. de Servizos Sociais, todas aquelas variacións na súa situación económica e sociofamiliar, que poidan modificar as circunstancias que motivaron a axuda.

12.2.- Cumprimento das condicións que figuren no proxecto de intervención social individual ou familiar.

Artigo 13.- Xustificación.

As subvencións que se concedan en atención a concorrencia dunha determinada situación no preceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible no dereito de dita situación previamente a concesión, sen perxurio dos controis que poideran establecerse para verificar a súa existencia.

Artigo 14.- Causas de denegación.

Poderán ser denegadas aquelas axudas nas que pese a cumprir cos requisitos establecidos no artigo 4, poida concorrer algunha das seguintes circunstancias:

14.1.- Que non exista crédito suficiente para a atención da solicitude.

Artigo 15.- Revogación das axudas.

15.1.- A falsidade ou ocultación de calquera dos datos declarados poderá dar lugar á denegación da axuda, aínda cando se reuniran os requisitos para a concesión.

15.2.- Transcorrido un prazo de tres meses dende a resolución de concesión, sen que o ingreso se puidera efectuar por causas imputables ó interesado, poderase proceder á revogación da axuda.

Artigo 16.- Rexime de compatibilidades.

16.1.- As axudas previstas na presente ordenanza serán compatibles con calquera outra das concedidas por outras administracións públicas polo mesmo ou similar concepto.

Disposicións adicionais.

1ª. Determinación de rendas e ingresos.

Para os efectos previstos na presente ordenanza no cómputo de rendas e/ou ingresos deberán entenderse como tales aqueles que comprendan tódolos ingresos económicos de que dispón a persoa ou unidade familiar, tales como salarios, pensións, prestacións, subsidios, ou calquera outros.

Disposición final.

As referidas bases deberán exporse ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Ribadavia, 9 de marzo de 2017.-